



Expediente nº: 53/142
Asunto: Marco Orzamentario de medio prazo
Período: 2019-2021

PROPOSTA DA CONCELLALÍA DELEGADA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Visto o informe da Dirección Superior Contable e Orzamentaria e do Sr. Interventor Xeral Municipal, esta Concellalía, en execución das competencias delegadas en materia de Orzamentos e Facenda por Resolución de 19 de xullo de 2015, fai a proposta de aprobación do Marco Orzamentario de medio prazo.

Antecedentes de feito

PRIMEIRO. Elaboráronse as preceptivas directrices para a formación do Marco Orzamentario de Medio prazo para o período 2019-2021.

SEGUNDO. Pola Intervención e polo responsable superior contable e orzamentario, emitiuse informe ao respecto con suxeición a contido do previsto no artigo 29 da Lei 2/2012, de 27 de abril e artigo 6 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro.

Lexislación aplicable

A Directiva 2011/85/UE do Consello de 8 de novembro de 2011.

O artigo 27 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de Abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Os artigos 4, 5, 6 e 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

O artigo 168.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Alcalde de conformidade co establecido no artigo 168.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, fórmase a seguinte proposta de Resolución:



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 16/04/2018 08:38	Páxina 1 de 2
Expediente 53/142	CSV: 25E84-4DB23-4CE2D-3AAB5	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente nº: 53/142

Proposta de Resolución

PRIMEIRO. Aprobar o Marco Orzamentario de Medio prazo para o período 2019-2021 que servirá de base para a elaboración dos Orzamentos futuros cuxos datos figuran no informe técnico que son incorporados á Resolución da Alcaldía -Presidencia.

SEGUNDO. Remitir os datos relativos ao devandito Marco Orzamentario do Concello de Vigo e perímetro de consolidación ao Ministerio de Facenda e Función Pública polos medios telemáticos habilitados ao efecto.

TERCEIRO. Dar conta da Resolución ao Pleno da Corporación, remitindo o expediente completo.

CUARTO. Notificar ao Sr. Interventor aos efectos de asinar a remisión.

LG/

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira

(Delegación por Resolución do Sr. Alcalde-Presidente de 19/06/2015)



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 16/04/2018 08:38	Páxina 2 de 2
Expediente 53/142	CSV: 25E84-4DB23-4CE2D-3AAB5	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		